

ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

DATA: 31 DE XULLO DE 2020

LUGAR: EDIFICIO CERSIA. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

HORARIO: 17:00 – 19:40 HORAS

Nº PERSOAS ASISTENTES: 14

Nº TOTAL DE VOTOS: 21

Nº DE PERSOAS XUNTA DE GOBERNO: 8

- Miriam Rodríguez Sierra. Presidenta
- Antía Sobrino Bernaldo de Quirós. Vicepresidenta
- Antonio Doval Canabal. Secretario
- Maira Vilar Pumares. Tesoureira
- Ana M^a Vilar Varela. Vogal
- Ana M^a Rodríguez Fernández. Vogal
- Silvia Sanjurjo Constenla. Vogal
- Isabel Fernández Lema. Vogal

Nº DE PERSOAS COLEXIADAS (6): 3948, 1357, 2699, 2450, 1330, 3293

Nº DE VOTOS DELEGADOS (7): 207 delega en 1560, 2303 delega en 1054, 2495 delega en 2178, 1138 delega en 2907, 722 delega en 2907, 630 delega en 604, 679 delega en 604.

En Santiago de Compostela, sendo ás 17:30 horas do venres 31 de xullo de 2020 no Edificio Cersia na Rúa do Alcalde Raimundo López, da comezo (en segunda convocatoria) a sesión da Asemblea Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), coa asistencia das persoas que se relacionan no encabezamento da acta, para tratar a seguinte Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.

A presidenta do COTSG, Miriam Rodríguez, da paso á votación da aprobación da acta anterior.

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación. A asemblea aproba a acta con 20 votos a favor e 1 abstención.

2. Presentación e aprobación, se procede, da memoria económica do 2019.

Toma a palabra a tesoureira Maira Vilar para presentar a memoria económica do ano 2019. Informa do cese contractual coa anterior xestoría en setembro do ano 2019 e do novo contrato coa nova empresa "Xestión social", atendendo a criterios de competencia. Vilar presenta á Responsable contable, Nuria Palmero, que exporá a memoria económica do ano 2019.

Nuria toma a palabra, facendo referencia novamente á incorporación da súa xestoría en setembro de 2019. Fai un resumo das contas destacando o activo e pasivo da entidade durante ese ano. Fai referencia con maior concreción á conta de resultados: ingresos actividade propia (subvencións, cotas colexiais, aportación persoas usuarias...), vendas e outros ingresos da actividade mercantil, gastos por axudas e outros, gasto de persoal, outros datos de actividade e amortización inmovilizado. Indica un excedente da actividade de 42.238,79 euros.

Engade que debido ao traspaso da contabilidade por parte da empresa anterior, atoparon dificultade para identificar algún asiento contable ao non contar con suficiente detalle, o que dificulta á hora de planificar os orzamentos de anos vindeiros.

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación. Apróbase a memoria económica de 2019 con 18 votos a favor e 3 abstencións.

3. Presentación e aprobación, se procede, dos orzamentos do 2020.

Maira Vilar, Tesoureira do COTSG, da conta do mantemento dos criterios de gasto do ano 2019 coa diferenza de aumento de partida nos seguintes conceptos:

- Máis de 20.000 euros para reparación e conservación (carpintería para a Sede e videovixiancia.)
- Máis de 1000 euros para EPIS e outras medidas de prevención COVID.
- Gasto en soporte informático: novo aplicativo sinatura dixital e mantemento web.
- Soldos e salarios: contratación dunha persoa técnica, aumento a xornada completa da técnica de formación.
- Gastos indemnización técnica de emprego por prescindir do servizo.

A previsión de gastos para o 2020 ascende a 474.292,94 euros.

Así mesmo, da conta da previsión de ingresos, facendo fincapé no seguinte:

- Reclamación de impagos de cotas colexiais. A cifra por cotas impagadas (xuros, devolucións de recibos...) ascende a 25.000 euros.
- Á espera de resolución da subvención do IGAPE e da Deputación da Coruña.

A previsión de ingresos para o 2020 ascende a 523.635,81

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación. A asemblea aproba o orzamento do ano 2020 a votación. Apróbase con 18 votos a favor e 3 abstencións.

4. Presentación e aprobación, se procede, da memoria de actividades do 2019.

Toma a palabra Miriam Rodríguez, presidenta do COTSG, presenta a memoria de actividades do 2019 e abre a quenda de palabra para as dúbidas ou suxestións da colexiación.

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación. A asemblea aproba a memoria de actividades do 2019 con 18 votos a favor e 3 abstencións.

5. Presentación e aprobación, se procede, da proposta de actividades do 2020

Presentan este punto da orde do día: Miriam Rodríguez (a Presidenta do COTSG), Nerea Fernández (Coordinadora do COTSG) e Fe Sampayo (Técnica de Formación do COSTG).

Toma a palabra Miriam Rodríguez explica a necesidade a reestruturación interna do COTS co obxecto de aproveitar o máximo as súas potencialidades para a consecución dos seus fines. Neste senso, indica que é preciso reforzar outros servizos, como é o da Defensa da profesión e o servizo de comunicación, contribuíndo a dar mais visibilidade á nosa profesión e ás accións levadas a cabo polo COTSG, sumando sempre a favor da defensa das persoas usuarias, dos servizos, e dos dereitos da cidadanía. Deste xeito será necesaria suprimir ou minimizar servizos levados a cabo noutras áreas técnicas, como sería o caso dalgunhas das funcións desempeñadas pola técnica de emprego.

GRUPOS DE TRABAJO. Incide na continuidade coas liñas de actividade do ano 2019. Fai referencia ao GT Sanitario (loita pola cobertura de vacantes, pola maior presenza en atención primaria e especializada, novas políticas de saúde, historia clínica...), ao Grupo de Traballo SS.SS. Comunitarios (loita polo aumento das ratios de persoal, entrevistas FEGAMP, revisar convenios, reducir tempos tramitación, unificación ferramentas informáticas, IMV e rexeitamento da tramitación en comunitarios, inclusión...), GT Traballo social e medio ambiente (visibilidade dos perfís e proxectos sociais sostibles), GT Traballo social e educación (elaboración dun documento para o Ministerio e Consellería competentes en materia de educación para reforzar a figura do traballo social nos centros educativos), GT Traballo Social e feminismo (reunión co CEESG, incorporar a figura do traballo social nos CIM, Acto homenaxe a Concepción Arenal co Consello Xeral de Traballo Social, e a Quenda VX – guía de recursos, presentación da posta en marcha da Quenda no Parlamento en Bruxelas, participación na manifestación do 8M-).

ASESORÍA XURÍDICA. Rodríguez fai referencia á necesidade de ampliación do servizo, xa que, na liña de reforzo na defensa da profesión faise preciso a importancia do seguimento e control nas convocatorias de Traballo social, tarefa na que participa de xeito exhaustivo a asesoría xurídica.

ÁREA DE COMUNICACIÓN. Explica a importancia da presenza e da visibilidade do traballo social nos medios e nas redes sociais.

A Presidenta da paso a Nerea Fernández, coordinadora do COTSG, que expón un resumo das medidas tomadas en relación ao COVID e as reivindicacións efectuadas desde esta entidade e desde a profesión para a defensa das persoas máis vulnerables, e o acompañamento da dos/das compañeiros/as de profesión durante a crise sanitaria e social.

Fernández engade que tras as medidas adoptadas polas autoridades para a prevención do COVID – 19, o Colexio oficial de Traballo social incentivou a concienciación das administracións públicas ante as situacións de risco social producidas por dita situación.

Por tal motivo, as accións levadas a cabo son as seguintes:

- O 14 de marzo, o COTSG enviou un comunicado ás consellerías e Direccións xerais de Sanidade e Política social na que subliñan as eivas e deficiencias que derivan das medidas tomadas polo COVID – 19
- Elaboración e difusión de **medidas sociais** dirixidas a Administración para paliar o risco social producido por dita situación
- Creación de caixa de suxestións para incidencias (incidencias@traballosocial.gal) para que a colexiación traslade as eivas e incidencias que denotan na súa actividade laboral.
- Elaboración dunha serie de medidas e recomendacións sobre as consecuencias da Violencia de xénero derivadas da situación de illamento .
- Contacto e coordinación co *Consello Xeral de Traballo social* como alicerce fundamental para paliar as situacións de risco durante a pandemia.
- Creación grupo de voluntariado que desexe aportar e axudar na crise socio-sanitaria, ofrecendo a nosa solidariedade ás autoridades, a outras compañeiras/os de profesión e á cidadanía.
- Comunicación e escrito elaborado a Política social tras recoller a problemática detectada no Servizo de Axuda no Fogar.
- Proposta da creación Teléfono de Atención social á Consellería de Política social para dar cobertura ás consultas urxentes derivadas do illamento e informar e derivar situacións de especial vulnerabilidade.

- Coordinación do COTSG coa Xunta de Galicia no Teléfono de atención Social, no que participan 36 profesionais do Traballo social da Administración autonómica.
- Seguimento de incidencias e recollida de información do Teléfono de Atención social (L-D 08.00h – 20.00h).
- Elaboración do Protocolo de actuación do Teléfono de Atención social da Xunta de Galicia.
- Escrito a FEGAMP para reforzar o persoal de traballo social de xeito urgente para dar cobertura continua e ininterrompida aos servizos Sociais.
- Escrito á Consellería de Política Social respecto á supervisión e ao reforzo imprescindible da figura da T.S tras as consecuencias socio-económicas do COVID – 19.
- O COTSG alerta da Falta de Protocolos para os Servizos sociais na Fase 1.
- O COTSG participa no Plan de Reactivación asistencial en Atención Primaria en Relación coa Infección polo Virus COVID-19.
- Adhesión á Campaña da Consellería de Sanidade “Con Sentidiño”.
- Participación na homenaxe ás vítimas do COVID como persoal sanitario por iniciativa do Colexio Oficial de Medicina de Galicia.
- Defensa do traballo social como profesión idónea para a figura do rastrexador/a.

Nerea Fernández, da paso a Fe Sampayo, Técnica de Formación do COTSG.

Sampayo toma a palabra e fai referencia á formación durante este ano 2020, marcada pola crise sanitaria. Expón que o programa inicial planificado tivo que ser reorganizado no mes de marzo pola declaración do Estado de Alarma. Priorizouse o de maior interese, identificando novos contidos segundo o contexto e apostando pola teleformación. Resume as accións formativas xa rematadas, as que están a piques de rematar e as previstas para o segundo semestre do ano.

Comunica que está pendente unha subvención da Deputación da Coruña para formación e un Convenio coa Dirección Xeral de Política social para impartir tres formacións para a colexiación: *Intervención sociocomunitaria e inclusión en saúde mental, Mulleres sen fogar e feminización da pobreza e xestión e*, a última proposta formativa é sobre *Coordinación do servizo de axuda no fogar (SAF)*.

Engade que continuarán as pímulas informativas.

Así mesmo, recalca a grande acollida dos 6 encontros virtuais levados a cabo entre maio e xuño, abrindo un novo espazo para o diálogo, para o coñecemento dos diferentes eidos de traballo, para crear rede, unir á profesión e ofrecer un espazo para o autocoidado. Enumera os 6 encontros desenvolto.

Tamén informa que foron levados a cabo dous obradoiros de formación e orientación laboral na Universidade de Grao de Traballo social no Campus de Ourense e na Escola Universitaria de Traballo social de Santiago de Compostela.

Dende o departamento de formación resaltan a interese por dotala de contidos innovadores, de calidade e actualidade por parte das persoas colexiadas. Ademais, destaca os esforzo por parte deste entidade para que esta formación teña o menor custe posible para a colexiación.

Toma a palabra Miriam Rodríguez, explica que estase traballando en convenios de colaboración coas diferentes escolas formativas da administración pública, ademais de reclamar, dende asesoría laboral, que sexa tida en conta a formación do COTSG en todos os procesos selectivos.

Asemade, Rodríguez finaliza informando das reunións mantidas cos diferentes grupos parlamentarios antes das eleccións autonómicas, para trasladar as iniciativas e propostas traballadas dende a profesión e a necesidade de que sexan incluídas nos deseños das políticas de benestar.

A presidenta abre a quenda de palabra para resolver calquera dúbida ou aportación con respecto ao punto tratado.

A persoa colexiada número 3948 solicita a quenda de palabra.

En primeiro lugar, felicita ao Colexio Profesional pola presenza da entidade nos medios e nas redes, así como pola formación e Webinars ofertadas durante este ano.

Por outra banda, consulta o motivo polo que se prescinde da técnica de emprego, xa que o considera un servizo necesario, valorado e de importancia para as persoas recen graduadas.

Asemade, suxire que dentro da programación de actividades deberíase incluír o desempeño de accións que favorezan non só á profesión, senón as persoas e colectivos que atendemos.

A Presidenta toma a palabra, agradece de parte do equipo e da xunta de goberno os parabéns. Resposta que o motivo de prescindir da técnica de emprego responde a unha redistribución de recursos do COTSG atendendo a criterios de eficiencia e eficacia, ademais de priorizar fins e intereses colectivos da profesión. Dende a dirección do COTSG priorizouse a creación de novas prazas, velar polo acceso da profesión a determinados novos nichos de mercado e combater a intrusión profesional.

Asemade, o asesoramento profesional ás persoas colexiadas continúa a ser efectuada por parte diferentes técnicas do colexio.

Ademais, Maira Vilar, Tesoureira do COTSG, indica que en relación coas cifras descritas da memoria, grande parte das consultas do de emprego eran resoltas través da asesoría xurídica.

Intervén Ana Rodríguez, vogal de xunta de goberno responsable da área laboral, explica que a área conta con ampla demanda relacionados con problemas laborais que requiren de atención xurídica.

Intervén Antía, Vicepresidenta do COTSG. Da conta do número de reclamacións a bases, prazos, ratios, etc. que se levan interposto durante o ano 2020.

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación . A asemblea aproba a proposta de actividades do ano 2020 con 17 votos a favor e 4 abstencións.

6. Presentación e aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Comisión Deontolóxica.

Toma a palabra Ana Mª Vilar, Vogal da Xunta de Goberno e responsable da Comisión Deontolóxica.

Inicia a exposición resaltando a importancia do compromiso ético da profesión. Afirmar que no momento de retomar a Comisión xa existente, atoparon que non existía base de datos nin regulamento.

Destaca a importancia de reforzar área de formación en contidos relacionados coa ética e deontoloxía profesional. Así como a participación en diversas accións como a participación dunha investigación coa Universidade de Navarra coa UNAV colaboración co *Consello Xeral de traballo social*.

A continuación, Ana Vilar presenta a proposta de Regulamento de réxime interno da Comisión Deontolóxica. A Comisión Deontolóxica é unha comisión para o asesoramento vinculado á Xunta de Goberno e ao COTSG e garante o dereito das persoas colexiadas á consulta sobre ética e código deontolóxico. Obsérvase de vital importancia este regulamento para poder delimitar a organización e funcionamento de dita comisión.

Trala exposición ábrese quenda de palabra para as suxestións pertinentes.

Toma a palabra a persoa colexiada número 3948.

- Solicita información sobre o procedemento para elevar as consultas á Comisión deontolóxica.
Vilar responde que as consultas sempre se levarán primeiro á Xunta de Goberno, e esta dará traslado, se procede, á dita Comisión.
- Expón que no artigo 8.3 indica que a Xunta de Goberno do COTSG “poderá” abrir un prazo de candidaturas para acceder á Comisión. A persoa colexiada entende que debe mudarse a frase de “poderá abrirse un prazo” por “abrirase un prazo”.
Neste senso, Vilar indica que esa frase recollida no regulamento ten que ver cunha continuidade no tempo, xa que a Comisión deontolóxica está ligada ás candidaturas das Xuntas de Goberno, as cales duran 4 anos.
- Informa de que no artigo 8.2 e 8.4 hai dous parágrafos iguais, ademais de que no artigo 13.1 hai un erro de puntuación.

- A persoa colexiada continúa coa pregunta de que se algunha persoa compoñente da Comisión deontolóxica ten coñecemento dalgunha infracción ética ou deontolóxica, ten a posibilidade de “abrir de oficio” unha intervención.
Vilar e Rodríguez insisten en que calquera persoa cidadá ou profesional pode, a través da Xunta de Goberno do COTSG, trasladar a situación que se considere. A Xunta de Goberno, aprobará se procede, elevar o caso á Comisión deontolóxica.
- Para finalizar, a persoa colexiada referencia a Disposición adicional onde di que “Se faculta á Xunta de Goberno do Colexio del Traballo Social para desenrolar o presente Regulamento e aprobar as modificacións do mesmo cando sexa preciso”, indicando que as modificacións do mencionado Regulamento deben ser aprobadas exclusivamente en Asemblea.

Sobre este último punto xurde un debate, onde se aportan ideas.

As persoas integrantes de Xunta de Goberno informan de que o regulamento conta coa supervisión da asesoría xurídica do COTSG e co Consello Xeral de Traballo Social, tendo engadido este parágrafo ao que fan mención pola operatividade e axilidade nos pequenos cambios que se susciten no mencionado regulamento.

Finalmente decídese propoñer o seguinte: aprobar o Regulamento de réxime interno sen esa disposición adicional e coas modificacións dos erros detectados.

Antonio Doval (Secretario) da paso á votación. A asemblea aproba o Regulamento proposto coas indicacións recollidas no punto anterior. Aprobese con 18 votos a favor e 3 abstencións.

7. Aprobación, se procede, das cotas colexiais.

Toma a palabra, Antonio Doval, Secretario do COTSG. Propón someter a votación o mantemento das cotas colexiais.

Sométese a votación e apróbanse con 18 votos a favor e 3 abstencións.

8. Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión asemblear ás 19.31 horas.



Asdo: 33326330C ANTONIO DOVAL (C:Q1569016G) o día 15/06/21 cun certificado emitido por:
AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

Asdo: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q1569016G) o día 16/06/21 cun certificado emitido por:
AC Representación